



ACTA DO TRIBUNAL DE REALIZACIÓN DO SORTEO PÚBLICO PARA SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE TÉCNICO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO ACTIVA-T.

Na Casa da Cultura de Begonte, sendo as 9.40 horas do día 26 de abril de 2017, reúnen-se, baixo a Presidencia de D. Julio González Casanova, os señores abaixo citados, integrantes do Tribunal que no seu día se constituíu para a selección, en réxime de dereito laboral temporal, de 1 posto de Técnico do Programa Integrado de Emprego Activa-T.

E obxecto do presente acto a realización do correspondente sorteo público para resolver o empate producido na puntuación máxima obtida entre dúas das aspirantes ao posto, logo da valoración dos méritos, e todo elo de conformidade co disposto nas bases reguladoras e anuncios publicados no taboleiro e páxina web.

Presidente: - D. Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

Vogais:

- D. José Angel Balseiro Amido, Secretario-Interventor do Concello de Rábade.

Secretario: - D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario – Interventor do Concello de Begonte.

Comparece no acto a aspirante Dna. Ana Díaz Felpeto, con DNI nº 76.571.724-D, acompañada de Dna. M^a Pilar Lamas Grande, con DNI nº 33.318.606-R, e asiste tamén Dna. Montserrat Vázquez González, con DNI 33.343.157-B, Animadora Socio-Cultural do Concello de Begonte. Non comparece a outra aspirante Dna. Concepción Penabad Otero.

Así pois a continuación, procédese á realización do devandito sorteo público mediante insaculación de dúas papeletas cos nomes das dúas aspirantes ao posto empatadas coa máxima puntuación. A aspirante presente fai a oportuna comprobación da bolsa e das papeletas, procedéndose seguidamente ao peche da mesma. Decídese coa conformidade da aspirante presente, que a persoa encargada da extracción sexa Dna. Montserrat Vázquez González.

Unha vez procedido ao sorteo público, obtense o seguinte resultado: DNA. ANA DÍAZ FELPETO.

O Tribunal, á vista do anterior, e de conformidade coas bases reguladoras, acorda propoñer á Alcaldía a selección e contratación como Técnico do Plan Integrado de Emprego Activa-T, á seguinte aspirante: DNA. ANA DÍAZ FELPETO.



CONCELLO DE BEGONTE

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1
27373 Begonte
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027
Email: info@concellodebegonte.es

Co fin de asegurar a cobertura do posto, e para o caso de renuncia da aspirante seleccionada ou concorrencia de calquera outra causa de vacante, queda establecida unha lista de reserva que seguirá a orde de puntuación acadada no proceso de valoración dos méritos e realización do sorteo público.

Esta proposta de contratación notificarase á aspirante seleccionado e publicarase no Taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.

Rematado o acto, e sendo as dez horas e cinco minutos, asínase polos/as asistentes a presente acta en duplicado exemplar, no lugar e data ao comezo sinalados.